


As memorias de David Á. Carballido, incansable loitador antifranquista



FICHA TÉCNICA: 412 pp . 13 x 23 cms.
ISBN 978-84-16460-44-1
PVP: 22,50 €

SANTIAGO DE COMPOSTELA, SETEMBRO DE 2018.- En 1998 e con 65 anos, David Álvarez Carballido (A Fonsagrada-Lugo, 1922-2017), concedeu unha longa entrevista ao filólogo e paisano seu **Antón Santamarina**. Foi durante varios días de agosto, na aldea común de ambos de San Martín de Suarna. Dúas décadas despois, este documento único ve por fin a luz, as *Memorias dun loitador antifranquista. O testemuño do comunista David Álvarez Carballido*, publicado por Alvarellos Editora na súa colección Oeste.

Foi preciso un fondo traballo de edición para organizar o valioso material custodiado por Santamarina. A psicóloga e escritora **Anahí Almasia** (sobriña de David) e a doutora e especialista en memoria histórica **Mariela Sánchez** puxéronse a traballar arreo dende a súa cidade de Bos Aires. Había que converter aquelas horas de conversa nun volume revelador. David posuía una fina e poderosa



memoria e o resultado queda á vista nestas páxinas.

É o testemuño valioso e honesto dun incansable loitador antifranquista. Dun comunista que fuxiu dende Galicia a Bos Aires en 1948 para non regresar ao país ata 1962, e ser detido e torturado en Vigo pouco despois, cando denunciaba o fusilamento de Julián Grimau. Fiel ata o final dos seus días, aínda en 2014, con 92 anos, acudía ao consulado Arxentino a interpor a súa denuncia na Querela daquel país contra os crimes do franquismo.

“Poucos libros memorialísticos, de militantes antifranquistas, teñen a naturalidade, a frescura e o xeito destas memorias”. **Xesús Alonso Montero**, autor do Prólogo.

“O QUE DIGO AQUÍ É SOAMENTE PARA QUE NON QUEDE ESQUECIDO. TODO O QUE SABEMOS DAQUEL TERROR QUE INVADIU ESPAÑA, QUE SE COÑEZA”. **DAVID ÁLVAREZ CARBALLIDO**

